



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
EEASSD DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA**

Guía docente

Título superior de diseño

Especialidade: Deseño de interiores

Disciplina: Trabajo fin de estudos

Mo-
delo.
Guía
do-
cen-
te.
Ver.
01.
01/09
/2015



Índice

1. Identificación e contextualización	3
2. Descrición da disciplina	3
2.1 Descritores	3
2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.....	3
2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación	3
2.4 Metodoloxía	4
3. Obxectivos.....	4
4. Competencias que se desenvolven na disciplina.....	5
4.1 Competencias transversais	5
4.2 Competencias xerais	5
4.3 Competencias específicas da titulación	5
5. Organización dos contidos	6
5.1 Contidos	6
5.2 Organización	6
6. Procedemento de avaliación	6



1. Identificación e contextualización

Datos da disciplina					
Escolas	Escola de arte e superior de deseño "Pablo Picasso". A Coruña.				
Web escolas	www.eapicasso.com				
Mail escolas	escola.artepablo.picasso@edu.xunta.es				
Materia	Proxectos de deseño de interiores				
Disciplina	Traballo fin de estudos				
Carácter	Obrigatoria na especialidade	Tipo	Teórico-práctica	Duración	Cuadrimestral
Curso	Cuarto			Créditos ECTS	18
Horas de clase semanais			4		
Horas de traballo non presencial			360		
Horas de titoría			18		

2. Descrición da disciplina

2.1 Descritores

Elaboración dun proxecto de deseño de interiores, realizado individualmente polo/a alumno/a para demostrar que está capacitado/a para desempeñar unha actividade profesional no campo do deseño de interiores.

2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.

A avaliación e cualificación do Traballo fin de estudos requirirá ter aprobada a totalidade das disciplinas que integran o correspondente plan de estudos.

2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

O Traballo fin de estudos representa o cume da formación que recibiu o alumno durante todos os seus anos de formación académica.

O alumno rematará a súa formación cun exercicio orixinal no que deberá desenvolver e poñer en práctica diante dun tribunal as competencias que adquiriu nas diferentes disciplinas da titulación.

O devandito traballo reflectirá a madurez persoal e profesional que adquiriu durante os seus anos na escola.



2.4 Metodoloxía

O alumnado do Traballo fin de estudos deberá propor ao departamento, achegando a documentación necesaria, o traballo que pretende desenvolver, que deberá ser aprobado polo departamento.

O alumnado contará coa tutela dun/dunha profesor/a da especialidade durante o desenvolvemento do traballo.

Para a organización, desenvolvemento e avaliación do Traballo fin de estudos, constituirase un tribunal, integrado por docentes da especialidade.

Actividade introdutoria

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da disciplina ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, o procedemento e o sistema de avaliación.

Prácticas non presenciais

Resolución por parte do alumnado do traballo fin de estudos.

Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado, en sesión pública e diante do tribunal, do traballo fin de estudos previamente entregado.

Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar o desenvolvemento do traballo.

Actividades de avaliación

- Comprobar se se adquiriron as competencias establecidas.
- Establecer balances dos resultados.

Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.

3. Obxectivos

Acadar as competencias transversais, xerais e específicas da titulación durante o desenvolvemento da disciplina.



4. Competencias que se desenvolven na disciplina

4.1 Competencias transversais

T1 Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.

T2 Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.

T3 Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.

T4 Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.

T8 Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.

T11 Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.

T13 Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

T15 Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

T16 Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.

T17 Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

4.2 Competencias xerais

X1 Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.

X2 Dominar as linguaxes e recursos expresivos da representación e a comunicación.

X4 Ter unha visión científica sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor.

X5 Actuar como mediadores/as entre a tecnoloxía e a arte, as ideas e os fins, a cultura e o comercio.

X16 Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sostibles.

X20 Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.

X21 Dominar a metodoloxía de investigación.

4.3 Competencias específicas da titulación

EI1 Xerar e materializar solucións funcionais, formais e técnicas que permitan o aproveitamento e a utilización idónea de espazos interiores.

EI2 Concibir e desenvolver proxectos de deseño de interiores con criterios que comporten mellora na calidade, uso e consumo das producións.

EI4 Analizar, interpretar, adaptar e producir información relativa á materialización dos proxectos.

EI5 Resolver os problemas estéticos, funcionais, técnicos e construtivos que xurdan durante o desenvolvemento e execución do proxecto.

EI6 Interrelacionar as linguaxes formal e simbólica coa funcionalidade específica.

EI14 Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional, a seguridade e a saúde laboral e a propiedade intelectual e industrial.



5. Organización dos contidos


5.1 Contidos

O TFE consistirá no desenvolvemento completo dun proxecto orixinal e inédito da especialidade de deseño de interiores, cos condicionantes previos, de información, de redacción, de execución e de viabilidade técnica e económica o máis semellantes posible ás do ámbito laboral, social, económico, cultural e produtivo real.

A documentación desenvolvida será a necesaria para a correcta e completa definición dun proxecto de deseño de interiores.

5.2 Organización

Distribución horaria



6. Procedemento de avaliación

A avaliación terá en conta as competencias adquiridas segundo os criterios de avaliación establecidos polo Departamento.

O alumno/a disporá de dúas convocatorias por ano académico, ordinaria e extraordinaria.